

A xornalista mexicana Lydia Cacho, escritora galega universal no 2023

L. R. REDACCIÓN / LA VOZ
CULTURA



Lydia Cacho (Ciudad de México, 1963) estivo detida inxustamente por unha investigación xornalística súa sobre unha mafia de pederastia no seu país. **Salo**

Durante a década de 1990 e inicios dos 2000, a autora, con raíces familiares en Galicia, informou amplamente sobre o feminicidio en Ciudad Juárez

05 xaneiro 2023 ..

A AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) acordou o nomeamento de Lydia Cacho, xornalista mexicana con raíces familiares galegas, activista feminista e defensora dos dereitos humanos, como escritora galega universal no 2023, «desde o profundo respecto e afecto á súa persoa e a

valoración da altísima calidade da súa obra», sinala o colectivo.

Durante a década de 1990 e inicios dos 2000, a autora informou amplamente sobre o feminicidio en Ciudad Juárez. Cofundou o Centro de atención integral a la mujer, especializado en dar apoio a mulleres, nenos e nenas vítimas de violencias doméstica e sexual. No 2005 foi detida en Cancún, Quintana Roo, por axentes da policía xudicial de Puebla, por causas falsas derivadas da publicación do seu libro *Los demonios del Edén*, unha investigación xornalística que recolle os relatos testemuñais de sobreviventes dunha rede de prostitución infantil, dirixida por políticos e empresarios. O Comité de Dereitos Humanos da Organización das Nacións Unidas recoñeceu este feito como unha vulneración dos dereitos humanos, especialmente das mulleres, pola Xustiza, ao tempo que solicitou ao Estado mexicano a reparación do delito de difamación sufrido pola xornalista. Cacho —que ten escrito máis dunha ducia de libros— posúe a nacionalidade española por carta de natureza.